



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

CONCURSOS DE WEBQUESTS

Continúa aberto o prazo para a participación do profesorado en dous concursos de webquests convocados pola Consellería de Educación en colaboración coa Consellería de Sanidade ([webquests sobre educación afectivo-sexual](#)) e

coa Secretaría Xeral de Política Lingüística ([webquests sobre María Mariño](#)). No caso da convocatoria de webquests sobre educación afectivo-sexual, concederanse dous primeiros premios consistentes nun ordenador portátil e

dous segundos consistentes nunha PDA. No caso das webquests sobre a autora homenaxeada o Día das Letras Galegas, haberá dous primeiros premios e dous segundos, de 600 e de 300 €, respectivamente.

CONVOCATORIAS DE LICENZAS POR ESTUDOS PARA O CURSO 2007/2008

Mediante a Orde do 5 de marzo, publicada no [DOG nº 55](#), do 19 de marzo, e dirixidas a funcionarios docentes de carreira ofértanse 196 licenzas por estudo. Como novidade,

ofértanse dúas novas modalidades: grupos de traballo para elaboración de materiais e perfeccionamento en linguas estranxeiras. Ademais poderase repetir licenza oito anos

despois do goce da primeira. Prazo de solicitude: será dun mes dende a publicación no DOG.

INTERCAMBIOS PARA PROFESORADO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

Mediante orde publicada no [BOE nº 68](#), do 20 de marzo, anúnciase a posibilidade de intercambio do posto de traballo para un total de 50 profesores de inglés, francés e alemán que sexan funcionarios de carreira do

corpo de mestres de primaria, profesores de secundaria e das escolas oficiais de idiomas. Esta actividade poderá realizarse durante o próximo curso escolar, ou alomenos un trimestre, con docentes de Alemania,

Francia, Reino Unido, Austria e Suiza. O prazo de presentación de solicitudes remata o 21 de abril de 2007.

PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL PARA O CURSO 2007-2008

Resolución do 21 de febreiro de 2007 ([DOG nº 55](#), do luns 19 de marzo) da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula o desenvolvemento dos

programas de garantía social para o curso 2007-2008.



Contido:

Concursos de Webquests	1
Convocatoria de licenzas por estudos para o curso 2007/2008	1
Intercambios para profesorado de linguas estranxeiras	1
Programas de garantía social para o curso 2007-2008	1